DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español

Materia	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Francés-Español			
Código	V01G230V01950			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Castelán Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Fernández Pintelos, María José			
Profesorado	Fernández Pintelos, María José			
Correo-e	mjpintelos@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia está orientada a un alumnado familiarizado coas estratexias básicas de tradución e que posúe un coñecemento excelente das linguas de traballo. Concíbese como un espazo didáctico no que o alumnado deberá desenvolver as competencias precisas para traducir cun grao significativo de autonomía textos dos ámbitos científicos e técnicos. A direccionalidade do traballo de tradución será directa (fr>es).			

Competencias

Código	
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C17	Capacidade de tomar decisións
C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D4	Resolución de problemas
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Toma de decisións
D9	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica
D23	Capacidade de traballo individual

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Desenvolver a capacidade de recoñecer no texto de partida aqueles termos, estruturas, trazos textuais ou culturais que se revelarán problemáticos á hora de realizar a tradución.	A3 A5	C4 C8 C17 C18 C22 C24 C27	D2 D4 D6 D7 D9 D15 D16 D18 D22 D23
Fomentar a capacidade de detectar e analizar de forma autónoma e adecuada dificultades tradutolóxicas, así como aplicar as estratexias precisas para a súa resolución no marco da tradución dun texto científico-técnico.	A4 A5	C4 C8 C17 C22 C26 C27	D4 D6 D7 D9 D15 D16 D18

Contidos

Tema	
1. Comunicación científica e técnica	1.1. Ciencia e técnica 1.2. Situación comunicativa e axentes implicados 1.3. Xéneros e tipos de textos 1.4. Linguaxe e estilo
2. Documentación e tradución	2.1. Familiarización co campo temático e anticipación ás dificultades 2.2. Terminoloxía e fraseoloxía. Estratexias e ferramentas 2.3. Tradución. Contexto e requirimentos 2.4. Revisión e corrección 2.5. Xestión de proxectos
	Os temas non son compartimentos estancos, senón que serán considerados como unidades relacionadas e tratadas tanto cun enfoque teórico como práctico.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Resolución de problemas	40	0	40
Resolución de problemas de forma autónoma	0	24	24
Lección maxistral	5	0	5
Proxecto	2	40	42
Traballo	2	34	36
Cartafol/dossier	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión na que se presentarán os contidos da materia, a metodoloxía e os obxectivos que se pretenden alcanzar, así como o sistema de avaliación que se utilizará.
Resolución de problemas	Actividades e exercicios realizados durante as sesións de clase (p. ex., tradución/revisión de textos, exposición sobre textos de lectura obrigatoria, exercicios/actividades relacionados cos contidos da materia etc.). Poden ser de dous tipos: realización fóra da aula e revisión/entrega nas sesións de clase ou realización na aula e revisión/entrega durante as sesións de clase.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado recibirá exercicios para facer fóra da aula de maneira autónoma.
Lección maxistral	A docente explicará os contidos teóricos para a súa aplicación práctica.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como nas titorías.
Lección maxistral	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como nas titorías.
Probas	**Descrición**

Proxecto	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como nas titorías.
Traballo	A profesora estará a disposición do alumnado tanto na aula como nas titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Proxecto	O alumnado realizará 2 proxectos que suporán, cada un, un 30 % da nota da materia. A primeira entrega será para a semana 10 do cuadrimestre e a segunda para a semana 14.	60	
Traballo	O alumnado realizará 2 encomendas de tradución/revisión que suporán, cada unha, un 20 % da nota da materia. A primeira será para entregar na semana 06 do cuadrimestre e a segunda na semana 12.	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado pode acollerse ao sistema de avaliación continua ou ao sistema de avaliación única. Os dous sistemas de avaliación son mutuamente excluíntes e o alumnado deberá indicar por escrito á docente nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre por cal deles opta.

Avaliación continua

O alumnado deberá seguir os requirimentos arriba indicados.

Avaliación única

O alumnado que siga o sistema de avaliación única deberá mandar unha mensaxe de correo electrónico ata dous días antes da data marcada no calendario oficial para recibir as condicións das probas de avaliación. Estas abranguerán todos os contidos da materia, tanto teóricos (nunha proba que suporá o 20 % da nota da materia) como prácticos (o 80% da nota).

O alumnado de avaliación única que non se puxera en contacto o día da convocatoria oficial será cualificado con Non presentado.

Segunda edición de actas

O alumnado que non supere a materia na primeira convocatoria poderá presentarse á segunda. Para iso deberá poñerse en contacto por correo electrónico ata dous días antes da data marcada no calendario oficial para ser avaliado de todos os contidos da materia, tanto teóricos (que suporán o 20 % da nota da materia) como prácticos (o 80 % da nota).

O alumnado que non se puxera en contacto o día da convocatoria oficial será cualificado con Non presentado.

Outros comentarios

Presencialidade

Enténdese que o alumnado que se acolle ó sistema de avaliación continua ten que poder asistir ás clases de forma regular.

O alumnado que desexe cursar a materia en réxime de avaliación continua pero por razóns xustificadas non poida asistir ás clases presenciais deberá comunicarlle estas circunstancias á docente, para buscar as alternativas correspondentes.

Plaxio

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

Corrección lingüística

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

Teledocencia

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma de docencia e de estar ó tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Cabré, T. y Feliu, J. (eds.), **La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica**, IULA, 2001

Gonzalo, C. y V. García (eds.), **Documentación, Terminología y Traducción**, Síntesis, 2002

Vivanco Cervero, V., **El español de la ciencia y la tecnología**, Arco/Libros, 2006

Bibliografía Complementaria

Alcina Caudet, A. e S. Gamero Pérez (eds.), **La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información**, Servei de Publicacions de la Universitat, 2002

Belda Medina, J. R., **El lenguaje de la informática e Internet y su traducción**, Publicaciones de la Universidad de Alicante, 2003

De l´Homme, M.-C., **La terminologie : principes et tecnhiques**, Les Presses de l´Université de Montréal, 2004

Gamero Pérez, S., **La traducción de textos técnicos**, Ariel, 2001

Gutiérrez Rodilla, B., **El lenguaje de las ciencias**, Gredos, 2005

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302
Ferramentas para a tradución e a interpretación V: Informática avanzada/V01G230V01931
Tradución idioma 2, III: Francés-Español/V01G230V01612
Lingua A2, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01402

Outros comentarios

A bibliografía ampliarase no decurso do cuadrimestre e prepararase axeitadamente.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
* Metodoloxías docentes que se manteñen
Mantéñense as actividades introdutorias, as lecciónns maxistrais, a resolución de problemas e o traballo tutelado.

* Metodoloxías docentes que se modifican
No caso de ter que seguir un sistema de docencia semipresencial ou non presencial, farase uso das ferramentas dispoñibles para profesorado e estudantado para seguir a mesma metodoloxía a través de Internet.

* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
As titorías poderán realizarse en modo presencial ou a través de Internet, coas ferramentas dispoñibles para o profesorado e o estudantado.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se prevé modificación de contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a autoaprendizaxe
A bibliografía básica indicada na guía docente irase enriquecendo por temas e quedará reflectida en Moovi, tanto no caso de docencia presencial, como semipresencial ou non presencial.

* Outras modificacións

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Manteranse as mesmas probas avaliables co mesmo peso, xa que case todas son trasladables á modalidade non presencial sen modificacións. O único cambio que sería preciso serían as condicións da presentación.Esta poderá levarse a cabo na aula ou a través de Internet, coas adaptacións precisas.

* Información adicional

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.